

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓNS TERRITORIAIS

**11632** *Real decreto 543/2016, do 25 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1698/2003, do 12 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación dos regulamentos comunitarios sobre o sistema de etiquetaxe da carne de vacún.*

A etiquetaxe facultativa da carne de vacún regulouse no ámbito comunitario a través do Regulamento (CE) n.º 1760/2000 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xullo, que establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina e fai referencia á etiquetaxe da carne de vacún e dos produtos a base de carne de vacún.

Este sistema de etiquetaxe facultativa tivo a súa orixe na crise sufrida polo sector vacún da carne como consecuencia da encefalopatía esponxiforme bovina (EEB) e estableceuse como unha medida para garantir unha maior transparencia sectorial e recuperar a confianza perdida dos consumidores.

En particular, o dito regulamento establecía que para poder incluír unha mención facultativa na etiquetaxe da carne de vacún se debía contar cun prego de condicións autorizado pola autoridade competente e estar sometido a un control externo por unha entidade independente de control que cumpra a norma UNE 45011.

En España, a normativa de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1760/2000 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xullo, regulouse mediante o Real decreto 1698/2003, do 12 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación dos regulamentos comunitarios sobre o sistema de etiquetaxe da carne de vacún.

Deste modo, estableceuse que as autoridades competentes para a autorización dos pregos son as comunidades autónomas, as cales, ademais, deberán comunicarlle ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente os pregos autorizados.

Por outra banda, este sistema de etiquetaxe facultativa estivo ligado ás axudas directas no marco da política agraria comunitaria, en diante PAC, ata o ano 2014, en particular a través da axuda asociada ao vacún de calidade establecida no Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación a partir de 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.

En decembro de 2014 entrou en vigor o Regulamento (UE) n.º 653/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 1760/2000 no referente á identificación electrónica dos animais da especie bovina e á etiquetaxe da carne de vacún, e supón a derogación da normativa comunitaria dos sistemas de etiquetaxe facultativa da carne de vacún mediante a eliminación dos artigos 16, 17 e 18 do citado Regulamento (CE) n.º 1760/2000 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xullo.

Esta derogación obedece non só á evolución do sector da carne de vacún nestes anos senón tamén, tal e como indica a propia norma, a que a carga administrativa soportada e os custos en que incorren os Estados membros e os axentes económicos á hora de aplicar este sistema de etiquetaxe facultada non son proporcionais aos beneficios que ofrece o sistema.

Deste xeito, substituíuse o sistema existente por outro tipo de etiquetaxe facultativa, a través da introdución no Regulamento (CE) n.º 1760/2000 dun novo artigo 15 *bis*, mediante a letra c) do artigo 1.17 do citado Regulamento (UE) n.º 653/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, que establece a posibilidade dunha etiquetaxe voluntaria que conteña información alimentaria distinta da prevista nos artigos 13, 14 e 15 do mencionado Regulamento (CE) n.º 1760/2000, sempre que esta sexa obxectiva, verificable polas autoridades competentes e comprensible para os consumidores. Todo iso

sen prexuízo, así mesmo, dos posibles termos de calidade facultativos regulados no título IV do Regulamento (UE) n.º 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios.

Así mesmo, o dereito dos axentes económicos a informar os consumidores mediante unha etiquetaxe facultativa sobre as características da carne e o dereito dos consumidores a recibir información verificable non se ve comprometido xa que, igual que noutros tipos de carne, a información sobre a carne de vacún adicional á etiquetaxe obrigatoria debe respectar as condicións establecidas no marco do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, sobre a información alimentaria facilitada ao consumidor e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1924/2006 e (CE) n.º 1925/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se derrogan a Directiva 87/250/CEE, da Comisión; a Directiva 90/496/CEE, do Consello; a Directiva 1999/10/CE, da Comisión; a Directiva 2000/13/CE, do Parlamento Europeo e do Consello; as directivas 2002/67/CE e 2008/5/CE da Comisión, e o Regulamento (CE) n.º 608/2004 da Comisión.

Neste marco, e unha vez que a PAC a partir de 2015 non recolle axudas aos pregos de etiquetaxe facultativa, resulta conveniente derrogar as disposicións nacionais recollidas no Real decreto 1698/2003, do 12 de decembro, simplificando así o sistema actual e diminuíndo tanto as cargas administrativas coma os custos para os operadores españois, o que os sitúa nas mesmas condicións ca os operadores do resto de Estados membros.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de novembro de 2016,

#### DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1698/2003, do 12 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación dos regulamentos comunitarios sobre o sistema de etiquetaxe da carne de vacún.*

Quedan derogados os artigos 6, 7, 8 e 9 e a disposición transitoria única do Real decreto 1698/2003, do 12 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación dos regulamentos comunitarios sobre o sistema de etiquetaxe da carne de vacún.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de novembro de 2016.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia  
e para as Administracións Territoriais,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN